



CAMPO DE VOLUNTARIADO "TRA-LOS PASOS DA RAÍÑA SANTA" (BANDE-OURENSE)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
17-28/08/2025	18-30	Internacional	Etnográfico e cultural	15

LOCALIZACIÓN

O Concello de Bande localízase no sur da comarca de Ourense, facendo fronteira con Portugal e intégrase na comarca da Baixa Limia. Esta comarca posúe unha gran riqueza en canto a historia e a etnografía, cunha importante conexión co país veciño, con quen comparte tradición e cultura, o que fai desta comarca algo único.

Bande, xunto con outros cinco municipios, está englobado dentro do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés que, xunto co Parque Nacional do Gerês, conforman a Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés.

Dende o punto de vista da historia destaca o campamento romano Aquis Querquennis e a igrexa de Santa Comba, unha das obras mellor conservadas da arquitectura visigoda da Península.

DESCRIPCIÓN DO CAMPO DE VOLUNTARIADO

O campo de voluntariado Saberes de onte e de sempre é de temática etnográfica e histórica e ten como obxectivo principal que as persoas voluntarias, a través dun contacto directo coa poboación local, recuperen historias, tradicións, oficios, saberes, contos e lendas e o folclore propios da comarca da Baixa Limia. Nesta edición a idea principal de recuperación xirará en torno á vida na vila de Bande no século anterior. Desenvolveranse as seguintes accións:

- As persoas voluntarias entrevistarán a xente da localidade, recollendo testemuños sobre etnografía e cultura locais.
- Sesión teórico-práctica sobre nocións audiovisuais de encadres, tipoloxías de planos, manexo de cámaras e son, sobre a elaboración dun guión de traballo etc.
- Sesión de comunicación: con pautas e consellos á hora de enfrontarse ás entrevistas de campo, sobre comunicación e formas de expresarse e sobre como levar a cabo a recollida de información e o seu tratamento.
- Elaboración de fichas das persoas informantes.
- A dinámica ao longo do campo será a de ir actualizando diariamente os perfís xa creados nas redes sociais. Deste xeito estarán amosando ao mundo exterior, tanto local como doutros lugares, todo o traballo que se estea realizando.
- Organización dunha proxección para a vila do vídeo coas entrevistas realizadas no campo de voluntariado anterior.
- Organización dunha fornada tradicional de pan en forno comunitario de leña, que servirá como lugar e momento de encontro coas xentes do lugar.
- Elaboración dunha memoria con todo o recollido no campo: fichas de informantes, pequeno resumo, frases....





ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Visitas culturais e xincanas etnográficas
- Actividades medioambientais
- Pequena ruta de sendeirismo
- Termalismo
- Actividade de caiac
- Obradoiro de xabón artesanal
- Xincana "Bandida", descuberta pola localidade de Bande o primeiro día para ubicarse no lugar e ter os primeiros encontros coa xente local
- Ocio nas piscinas municipais
- Veladas e actividades de ocio nocturno



INCORPORACIÓN, PUNTO DE ENCONTRO

O primeiro día a partir das 16:00 h. no lugar de aloxamento. Alternativamente, establécense dous puntos de encontro: ás 16:00 h. ou ás 20:00 h. na parada de autobuses de Celanova (Ourense) e a segunda na estación de autobuses de Ourense.

O campo rematará o último día despois do almorzo.

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

Albergue Municipal de Bande

Rúa Grupo Escolar, s/n, 32840 Bande (Ourense)

@albergueturisticodebande



COMO CHEGAR

Desde Santiago de Compostela pódese viaxar por estrada en bus (monbus.es) ou en tren ata Ourense.

Desde Vigo a Ourense o servizo de autobús faíno tamén a compañía monbus.es. Tamén se pode facer o traxecto en tren.

Entre Ourense e Celanova, por estrada, coa compañía anpian.com.

COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do Carné xove, título de familia numerosa, familia acolledora ou familia monoparental: OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

Que inclúe?: Inclúe os gastos de manutención, aloxamento e os derivados das actividades propias e de lecer ademais dun seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

Non inclúe: Os gastos ocasionados polo traslado (ida e volta) ata o lugar da actividade que correrán a cargo da persoa voluntaria.

DEVOLUCIÓN DA COTA

Circunstancias que dan dereito á devolución da cota:

- a) Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.



b) Ingreso hospitalario ou causa médica que afecte á persoa interesada e lle impida incorporarse ao campo. Deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresada.

c) Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.

d) Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra b), sempre e cando non transcorrese máis do 50 % dos días de duración do campo.

QUE TRAER

- Útiles de aseo persoais, toallas
- Saco de durmir e unha pequena mochila para rutas
- Zapatos ou botas de montaña
- Roupa de abrigo, chubasqueiro e roupa impermeable
- Roupa de traballo, deportiva, calzado deportivo e traxe de baño
- Lanterna e cantimplora
- Protección solar



DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes disporán dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTO

Dirección Xeral de Xuventude: camposdevoluntariado.xuventude@xunta.gal

INFORMACIÓN ADICIONAL

xuventude.xunta.es Portal da Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos, ocio e tempo libre, actividades, formación...

@xuventudegalicia Redes sociais da Dirección Xeral de Xuventude.

